

Índice de colaboradores e colaboradoras

ALONSO, FRAN

(Vigo, 1963)

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, está profesionalmente vencellado ao xornalismo e á edición. Na actualidade é Subdirector para a Edición Xeral en Xerais. É colaborador habitual de *La Voz de Galicia* e *A Nosa Terra*. Entre outros premios, concedéuselle o Blanco Amor de Novela, o Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil ao mellor libro do ano e o Losada Diéguez á mellor obra literaria de 1998. Autor de media ducia de títulos, entre a súa obra narrativa destacan *Tráiler* (1991), *Cemiterio de elefantes* (1994), *Silencio* (1995), *O brillo dos elefantes* (1999) e *Males de cabeza* (2001); e entre a súa obra poética *Cidades* (1997) e *Subversións* (2001). Pasou parte da súa infancia en Baiona e sempre estivo unido ao Val Miñor, onde vai establecer a súa residencia. [páx 233]

BERNÁRDEZ VILAR, XOÁN

(Marín, 1936)

Escritor e investigador, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Vigo. Vive nesta cidade e reside periodicamente en Nigrán. Autor de numerosos ensaios, contos, colaboracións e relatos, a maioría distinguidos con premios literarios, a súa narrativa é toda ela de corte histórico. Entre ela *Un home de Vilameán* (1975), con acción desenvolvida no Val Miñor, da que van publicadas once edicións, *¡Ouveade, naves de Tarsish!* (1983), *No ano do Cometa* (1986), *¡Xerusalén, Xerusalén...!* (1992), *Big-Bang* (1993), ou *A saga da illa sen noite* (2001).

No eido da investigación salientamos: *Galicia no século VI aC* (1990) (Premio Galicia de Investigación da Universidade de Santiago); *Egipto, a viaxe perdida de Egeria* (1990); *O incógnito monte Zephiro da Ora Marítima* (1991); *A expedición tuso-dinamarquesa ao noroeste atlántico: alcançarom América os Portugueses antes do que Colom?* (1997-1998); *A xeografía do mito de Tristán e Iseu* (2000); *Antes da invención de América. Navegacións precolombinas do século XV* (2001); *Vidas paralelas: Alexandre*

Augusto. A arte ó servizo do poder (2001); *A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe ultra Tile* (2002) (Premio Xesús Taboada Chivite de Investigación); e *O comezo da nosa Idade Media. A Gallaecia que se emancipou de Roma* (2003) (Premio "Historia Medieval de Galicia").

Unido por razóns laborais dende hai décadas ao Val Miñor. [páx 57]

BOUZÓ FERNÁNDEZ, XOSÉ MARÍA

(Vigo, 1962)

Licenciado en Filoloxía galego-portuguesa. Profesor no IES "Primeiro de Marzo" de Baiona. Reside dende hai anos en Lourido.

[páxs 139, 243]

CALDAS FERNÁNDEZ, MANUEL

(Ferrol, 1957)

Licenciado en Xeografía e Historia. Profesor de Ensino Secundario, durante 10 anos exerceu a docencia no IES "Escolas Proval" de Nigrán. Na actualidade traballa no IES "San Paio" de Tui. [páx 89]

CASÁS, FERNANDO

(Gondomar, 1946)

Pasou gran parte da súa vida no Brasil, onde desenvolveu, dende fins dos anos sesenta, unha obra preocupada por deixar en evidencia o desgaste e o paso do tempo pola natureza, elaborando un dos máis interesantes e persoais proxectos na relación arte-natureza, que fan que sexa considerado pola crítica especializada como un dos grandes precursors neste campo. En 1989 gaña o prestixioso Premio Ibeu con *Amazonas, Série Negra*, considerada pola crítica a mellor exposición individual do ano na cidade de Río de Janeiro. Este mesmo ano regresa ao Val Miñor, sendo na actualidade profesor de Escultura na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Ten realizado exposicións en cidades de todo o mundo, entre as que podemos citar: São Paulo, Río de Janeiro, Den Bosch, Eindhoven, Xerusalén, Xenebra, Segovia, Madrid, A Coruña, Vigo. Ten obras en espazos públicos como a Illa das Esculturas de Pontevedra, no University Botanic Garden de Xeru-

salén, no Parque das Esculturas da Catacumba en Río de Janeiro, na Praza do Burgo das Nacións de Santiago de Compostela ou no Seef & Marks Community Gardens de Xerusalén. Na actualidade traballa na escultura *Árbores como Arqueoloxía* que quedará instalada permanentemente en Huesca dentro do Proyecto Arte y Naturaleza.

Na actualidade reside en Nigrán e ten o seu taller en Gondomar. [páx 211]

COSTAS GOBERNA, FERNANDO XABIER

(San Paio de Navia, Vigo, 1953)

Coautor de *Petroglifos del litoral Sur de la Ría de Vigo* (Vigo, 1984), obra xa clásica que impulsou o coñecemento e o recoñecemento dos gravados rupestres do sudoeste de Galicia e aportou a novidade da presentación ao completo das representacións de armas da Serra do Galiñeiro, as máis importantes de Europa neste xénero. Froito dos seus estudos na zona Alpina (Italia, Francia e Suíza) e na Escandinavia é *La figura humana en los grabados rupestres del continente europeo* (Vigo, 1995). Resultado das súas visitas a Sudamérica son *Los grabados rupestres de la zona de las Barinas, Venezuela* (1997), *Aproximación al Arte Rupestre en la región del Orinoco* (Vigo, 1996) e *Los grabados rupestres de Baja California Sur, México* (Vigo, 1997). Cómpre destacar tamén as súas achegas na fotografía ao natural e no levantamento de calcos sobre papel dos gravados rupestres, que deron lugar a numerosas exposicións de divulgación dos petroglifos que dirixiu e/ou codirixiu, entre as que podemos salientar a celebrada en Italia no ano 2000. Tamén ten realizado traballos no campo da etnografía sobre os muíños de auga, os de vento do sudoeste de Galicia, as salinas da Ría de Vigo, o xogo de bolos do Val Miñor e Baixo Miño e os xogos de taboleiro en Galicia. [páx 35]

CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO (CEM).

(<http://www.mauxo.com>)

Como clube deportivo forma parte dende a súa fundación, en Vigo no ano 1992, da Federación Galega de Espeleoloxía, FGE, e conseguintemente da Federación Española, FEE, correspondente da Unión Espeleolóxica Internacional, UIS. O seu obxectivo é principalmente o estudo das cavidades galegas en rochas non solubles no seu contexto xeolóxico, histórico e cultural.

O CEM colabora con distintas entidades locais e internacionais de distintos ámbitos. Así, co Museo de Pontevedra e co museo “Quiñones de León” de Vigo, onde son depositados polo CEM os ocasionais achados, dos que se informa tamén á autoridade arqueolóxica e, segundo o caso, á administración local e/ou movemento asociativo e/ou comunal. Dende 1999 colabora coa Comisión for Pseudokarst da UIS, e dende 2003 co Instituto de Estudios Miñoranos, IEM, e o Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Dende 1992 a 2002 as investigacións CEM centráronse no «Proxecto Maúxo», para o estudo, protección e potenciación do desfrute social da zona comprendida entre o norte de Nigrán e o sur de Vigo. Ademais de no Maúxo, entre 1992 e 2002 o CEM investigou noutras zonas da provincia de Pontevedra similares. O CEM ten abertas investigacións ao respecto na Serra da Groba, Serra do Galiñeiro, Península do Morrazo, Budiño, Terra de Montes e Serra do Suido. Tamén se teñen abertas zonas de investigación espeleolóxica noutras partes da Galiza granítica, e noutras rochas máis inusuais coma o cuarzo e noutras moitísimo máis habituais coma as do carst calizo: Mondoñedo, Covas, Cabreiroá, A Ulla, etc.

Da bibliografía CEM, asinada pola entidade ou por algúns dos seus membros-autores, pódese subliñar a coordinación da *Historia de Chandebrito* libro editado pola Comunidade de Montes en Man Común de Chandebrito e o Concello de Nigrán (1997); os artigos nas revistas El Museo de Pontevedra nº XLVIII (Pontevedra, 1994), Castrelos nº 9-10 (Vigo, 1996-1997), Mitteilungsheft dHB nº 15 (Bayreuth, 1999), Furada nº 6, 7 e 8 (A Coruña, 1992-1994) Nachrichtenbrief nº 5, 6 e 10 (Isztimér, 1999, 2000 e 2003) e, a piques de saír do prelo, no nº 28 dos Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe (Sada, 2003). Entre as publicacións en actas de congresos e foros similares mencionar as editadas no “XXIIIº Congreso Nacional de Arqueología” (Elche 1995), no “Iº Encuentro Nacional de Estudio de Cavidades Artificiales” (Paterna, 1996), no “Congreso Internacional de Arte Rupestre” (Vigo, 1999), “VIIth International Symposium for Pseudokarst” da IUS (Arad-Moneasa, 1999), no “VIIº Congreso Nacional de Espeleología” (Alcalá de Henares, 2001) e no “Xº Congreso de Novos/as Historiadores/as” (Santiago de Compostela, 2002). [páxs 23, 115]

DOMÍNGUEZ PORTELA, SORAYA

(O Porriño)

Licenciada en Filoloxía Galega. Na actualidade é bolsreira de investigación da Real Academia Galega. [páx 83]

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, ESTANISLAO
(Vigo, 1941)

Destaca polos seus traballos de investigación, tanto como naturalista como estudioso da cultura. Na actualidade é presidente de diversas entidades científicas, culturais e sociais, entre outras a Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e o Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). Recibiu o premio de investigación Taboada Chivite (1998) e a Medalla ao Mérito Cultural da Universidade Miñota (1996). Impartiu unha boa cantidade de cursos e son incontábeis as conferencias que pronunciou. Ten publicado máis de trinta títulos, entre os que cabe salientar: *Illas de Ons e Sávora, historia natural e humana* (1989), *Viaxeiras da auga* (1990), *Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas* (1990), *Illas de Galicia* (1991), *Galicia, flora, fauna, terra e mar* (1992), *As covas de Galicia* (1995), *Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia* (1997), *Esmoleiros e petos de ánimas da Coruña, Ourense e Pontevedra* (1998) *Tódolos peixes de Galicia* (1999), *Fauna das augas galegas* (1999).

Na actualidade está a preparar un estudio inventario dos petos de ánimas do Val Miñor. [páx 201]

GARRIDO RODRÍGUEZ, XAIME

(Vigo, 1938)

Realizou estudos de Belas Artes na Escola de San Fernando de Madrid e titulouse en Arquitectura na mesma cidade. Estableceu o seu estudio de arquitectura na cidade olívica. Realizou viaxes de estudio por diversos países de Europa e América. Entre 1968 e 1973 foi Arquitecto Municipal de Baiona. Foi presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos e asesor técnico da U. de Vigo. É membro do Instituto de Estudos Vigueses e do Instituto de Estudos Tudenses. Defensor do patrimonio, logrou que se declarasen Bens de Interese Cultural tanto a estación vella do ferrocarril de Vigo como o antigo Pazo de Xustiza. Recibiu o premio de investigación da Deputación de Pontevedra nos

anos 1986 e 1989. Descubriu a estación paleolítica de Chan do Cercexo-Portavedra (Gondomar). Destaca tamén como fotógrafo e ten publicado numerosos e diversos traballos. Entre as súas obras cómpre subliñar: *Fortalezas de la provincia de Tuy* (1987), que ven de ser reeditada; *Vigo, la ciudad que se perdió* (1991, 1992, 1994, 2001) e *Arquitectura da pedra en Vigo* (1999); *El puerto de Vigo, síntesis histórica* (2001); pendente de publicación *El edificio del Centro Social Caixanova*. En colaboración ten tamén publicado: *Vigo 1900-1920, arquitectura modernista* (1980) e *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* (1995). Na compañía de José M^a Ramón Iglesias Veiga remata de publicar *Vigo, arquitectura urbana* (2000). Mantén unha especial relación co Val Miñor, onde reside gran parte do ano dende hai máis de trinta. [páx 177]

LÓPEZ GARRIDO, DEMETRIO

(Baños de Molgas, 1944)

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Profesor de Lingua e Literatura no IES n^o 1 de Vigo. Na actualidade reside en Nigrán. [páx 242]

MALHEIRO GUTIÉRREZ, XOSÉ M.

(Moxico, Angola, 1961)

É pedagogo e profesor asociado da Universidade de Santiago. Ten publicado diferentes traballos de temática educativa, relacionados coa formación ocupacional e coa intervención educativa dos emigrantes galegos desde América –*A escola da Bandeira. Unha nova escola en Galicia. 1909-1936*. (2000), *Fomento de la Instrucción Gallega*, edición facsímil (2002), *Legado Sociocultural da Emigración Galega* (2003) xunto con Sandra González. Vén de rematar a súa Tese de Doutoramento *Mobilización societaria, correntes de pensamento e escolas de emigrantes en Galicia durante o primeiro tercio do século XX: o protagonismo de Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, dirixida polo profesor Antón Costa Rico.

Gañou o 2^o Premio do IV Certame de Ensaio sobre Porto Rico en 1995; o premio de periodismo “Práctica educativa” da revista *Cuadernos de Pedagogía* en 1996; o Premio de Investigación da Deputación de Pontevedra en 1997 e o Accésit do XX do Julio Camba, en 1998. [páx 97]

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Licenciado en Teoloxía, en Filoloxía Románica e Doutor en Filosofía e Letras. Profesor de Lingua e Literatura castelás e director do centro en tres mandatos no Instituto "Val Miñor" de Nigrán (1980-2003). Na actualidade preside a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixe a Biblioteca Virtual www.bivir.com, promovida por el no ano 2000. Foi fundador, primeiro presidente e director xeral de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Membro da xunta de fundadores do xornal *Diario de Galicia*, membro do Consello Asesor de IGA-DI, do Consello de Redacción de *Viceversa*. *Revista Galega de Traducción*, da Xunta Directiva de *Tempos Novos*, do Instituto de Estudos Miñoranos e da Fundación Plácido Castro. Escribiu varios estudos en revistas especializadas sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre eles están *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), publicado polo Consello da Cultura Galega, e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*. Os documentos editados neste número forman parte dun proxecto seu de publicar o patrimonio documental da colexiata de Baiona que se garda no Arquivo da Catedral de Tui. Reside dende hai máis de dúas décadas en Nigrán. [páx 71]

MOURIÑO, MIGUEL ANXO

(Oubiña, Cambados, 1943)

Mestre en Río Maior, Vilaboa. Reside en Pontevedra, aínda que cando se lle pregunta de onde é resposta invariablemente "de Gondomar". Viviu durante anos nas Escolas Proval, cando os seus pais D. Luís Mourinho e Dona Sara eran os mestres. Publicou dous libros de poemas *Camariña (Sete cruces e unha esperanza)* (1990) e *E segues a tirarme das entrñas* (1997). [páx 245]

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, ROBERTO

(Pedome, Oia, 1977)

Licenciado en Historia, na rama de Arqueoloxía e Prehistoria pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou os cursos de Doutoramento obtendo o Certificado-Diploma

de Estudos Avanzados, que acredita a Suficiencia Investigadora nas áreas de coñecemento de Arqueoloxía e Prehistoria pola USC. Realizou o traballo de investigación tutelado inédito de Doutoramento titulado "Estudio dos Gravados Ruprestres de Época Histórica no Concello de Oia".

Leva participado como membro técnico en diversas escavacións arqueolóxicas: como alumno en prácticas no campamento militar romano de "Aquis Querquennis" (Bande, 2000); como bolseiro de investigación da U.S.C. nas escavacións de dous xacementos funerarios megalíticos (túmulos) en Ortigueira (2001) e Lalín (2002) e un asentamento con estruturas de combustión Calcolítico-Bronce Inicial (Lalín, 2002). Como arqueólogo técnico, contratado nas escavacións de dous túmulos en Rodeiro (2003) e Cerceda (2003).

Tamén ten realizado traballos de campo etnográfico sobre Etnoveterinaria e Etnobotánica e Folclore popular vencellado aos petroglifos no Concello de Oia para o Departamento de Historia I da USC. É membro da Asociación Cultural de Amigos do Mosteiro de Oia (ACAMO), da Asociación Galega de Historiadores (AGH) e do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), na sección de Arqueoloxía e Prehistoria. [páx 45]

VALVERDE OTERO, ALBERTO

(Baiona)

Licenciado en Filoloxía Galega. Profesor de ensino secundario. [páx 83]

VILLAR QUINTEIRO, ROSA

(Vigo, 1960)

Arqueóloga. Estudou Maxisterio en Vigo e marchou a Santiago para continuar na Facultade de Xeografía e Historia co obxectivo de especializarse en Prehistoria e Arqueoloxía. Doutora nesta especialidade, sempre compaxinou os estudos co traballo de campo, participando en diversos proxectos de investigación de diversas universidades: en Polonia, coa Universidade de Lódz; en Francia, nas escavacións do C.N.R.S. dirixidas por J. L'Helgouach na Bretaña; en Marrocos, na misión arqueolóxica hispano-marroquina para o estudo da bacía do río Draa; ademais de investigacións levadas a cabo na Cornixa Cantábrica polas universidades de Oviedo, Cantabria e o Instituto de Investigacións Prehistóricas

(I.P.I.). A súa formación complétase con estancias en diversos centros de investigación estranxeiros e nacionais, como o Centre François Bordes-Institut du Quaternaire da Universidade de Bordeaux I (Francia), no I.P.I. de Cantabria, no Museo Arqueolóxico e Etnográfico de Setúbal (Portugal), na Universidade de O Porto (Portugal), Museo Arqueolóxico e Universidade de Oviedo, Zaragoza; ademais dos museos galegos de arqueoloxía, dos que estudou e catalogou os fondos paleolíticos. A súa tarefa investigadora centrouse sempre en Galicia, dirixindo e formando parte de equipos interdisciplinares que desenvolveron o estudo do Paleolítico Superior e Epipaleolítico galego coñecido ata o momento e centrado na

provincia de Lugo. Os resultados destes traballos pódense atopar na súa tese de doutoramento: *O Paleolítico Superior e Epipaleolítico en Galicia* e en numerosas publicacións en revistas especializadas, colaboracións en libros, conferencias, relatorios en congresos nacionais e internacionais. Foi bolsreira de investigación da Deputación de Pontevedra, da Xunta de Galicia e Premio de Investigación Xesús Taboada Chivite, compartido cos membros do equipo de investigación da Universidade de Santiago ao que pertencía (C. Llana, A. Martínez, C. Fernández e P. Ramil). Na actualidade traballa na xestión integral do patrimonio, no sector privado. Na actualidade reside en Sabarís. [páx 5]

